

Programación Didáctica

4º EDUCACIÓN  
PRIMARIA

CEIP Plurilingüe Alexandre  
Rodríguez Cadarso

Agustina Caramés Hermo

Rubén Santamaría Alonso

Curso 2021 - 2022

## INDICE

<b>1. Introducción.....</b>	<b>3</b>
<b>2. Obxectivos xerais.....</b>	<b>5</b>
<b>3. Competencias clave.....</b>	<b>7</b>
<b>4. Áreas curriculares.....</b>	<b>12</b>
<b>5. Características do alumnado.....</b>	<b>13</b>
<b>6. Metodoloxía.....</b>	<b>13</b>
<b>6.1. Principios metodolóxicos.....</b>	<b>14</b>
<b>6.2. Organización do espazo.....</b>	<b>16</b>
<b>6.3. Organización temporal.....</b>	<b>16</b>
<b>6.4. Organización do grupo aula.....</b>	<b>17</b>
<b>6.5. Materiais e recursos educativos.....</b>	<b>18</b>
<b>7. Programas educativos .....</b>	<b>18</b>
<b>8. Interdisciplinariedade .....</b>	<b>20</b>
<b>9. Elementos transversais.....</b>	<b>20</b>
<b>10. Avaliación.....</b>	<b>21</b>
<b>10.1 Técnicas e instrumentos de avaliación.....</b>	<b>22</b>
<b>10.2. Avaliación da programación.....</b>	<b>23</b>
<b>10.3. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.....</b>	<b>24</b>
<b>11. Disciplinas .....</b>	<b>24</b>

## 1. INTRODUCCIÓN:

Como profesionais da educación debemos programar a nosa actuación e sometela a revisión segundo as circunstancias. A necesidade de programar responde a consideracións tales como que non podemos caer na improvisación continuada nin na rutina das actividades. Por iso debemos marcar pautas que nos permitan crear aprendizaxes significativas, para conseguir unha ensinanza estruturada, organizada e coherente. A xustificación legal da existencia das programacións didácticas queda reflectida na **Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria. O funcionamento dos centros regúlase a través do **Decreto 374/1996, do 17 de outubro**, polo que se aproba o regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.

A nosa lei de educación, **Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE)**, aproveitando as fortalezas do sistema actual e mantendo a súa estrutura, propón un conxunto de medidas que pretenden mellorar as condicións para que todo o alumnado poida acadar o seu pleno desenvolvemento persoal e profesional. Polo tanto, baséase o sistema educativo na equidade, garantindo a igualdade de oportunidades independentemente das condicións persoais, culturais, económicas ou sociais. Reflicte un modelo educativo que garante unha educación común para todo o estado español, respectando o marxe de autonomía de cada Comunidade Autónoma na elaboración dun currículo aberto e flexible, respectando así o principio de autonomía pedagóxica e permitindo polo tanto que o docente adapte o currículo ao contexto do entorno, centro, e aula.

O deseño dos currículos é competencia compartida entre o Estado e as Comunidades Autónomas, recollido este no chamado Deseño Curricular Base, e considerado o **1º nivel de concreción curricular**.

Para a nosa Comunidade Autónoma o currículo recollese no **Decreto 105/2014, do 4 de setembro**, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así, o desenvolvemento e concreción do mesmo, correspondente ao 2º nivel de concreción curricular, será función dos centros educativos e dos seus docentes, e recollerase nun documento que forma parte do Proxecto Educativo.

O **3º nivel de concreción**, refírese ás programacións didácticas, onde o que se pretende é adaptar ao contexto de cada grupo de alumnos/as o currículo xa concretado a nivel de centro, nivel onde situaremos a nosa programación.

## 2. OBXECTIVOS XERAIS:

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos/as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

### **3. COMPETENCIAS CLAVE:**

Para os efectos do decreto do currículo, as competencias clave deste serán as seguintes:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**

O desenvolvemento desta competencia permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás que conteñan elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

1. Interactuar coa contorna natural de xeito respetuoso.
2. Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
3. Manexar os coñecementos sobre o funcionamento dos obxectos e os aparellos para solucionar problemas e comprender o que ocorre ao noso redor.

4. Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
5. Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
6. Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situación problemática.
7. Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situacións problemáticas en contextos reais e en calquera asignatura.

- **Comunicación lingüística (CCL):**

A expresión oral e a expresión escrita requiren un adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar ao alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle asegure un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se atope.

Os descritores que utilizaremos serán:

1. Comprender o sentido dos textos escritos.
2. Gozar coa lectura.
3. Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
4. Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
5. Entender o contexto socio-cultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso dela.
6. Manter conversacións noutras linguas sobre temas cotiás en distintos contextos.
7. Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.
8. Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de asignaturas diversas.

- **Competencia dixital (CD):**

Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

En todas as áreas adestraremos os seguintes descritores:

1. Empregar distintas fontes para a procura de información.
2. Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
3. Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
4. Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
5. Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
6. Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
7. Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
8. Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

- **Aprender a aprender (CAA):**

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos suscitamos. En todas as áreas vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros.

Os descritores que utilizaremos para adestrar esta competencia serían:

1. Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
2. Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.



3. Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.
4. Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
5. Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
6. Evaluar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
7. Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

- **Competencias sociais e cívicas (CSC):**

Ao longo de todas as áreas e facendo fincapé nas áreas lingüísticas, desenvolveremos unha serie de actitudes e valores que nos van a levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación:

1. Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
2. Identificar as implicacións que ten vivir nun estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
3. Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
4. Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
5. Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.
6. Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
7. Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
8. Involucrarse ou promover accións cun fin social.

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):**

Todas as áreas do currículo esixen un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua para expresarnos e

aprender. Será necesario iniciar ao alumnado no adestramento de diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as distintas ferramentas para comunicarse.

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

1. Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
2. Ser constante no traballo superando as dificultades.
3. Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
4. Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
5. Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
6. Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
7. Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
8. Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de alcanzar obxectivos.

- **Conciencia e expresións culturais (CCEC):**

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, a contorna que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia pódenos dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

1. Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
2. Valorar a interculturalidad como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
3. Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
4. Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.

## 5. Elaborar traballos e presentacións con sentido estético

Potenciaremos o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística e da competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deseñaremos actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

## 4. ÁREAS CURRICULARES:

Nesta etapa educativa as disciplinas agrúpanse en tres bloques: troncais, específicas e de libre configuración autonómica.

Dentro do bloque de **disciplinas troncais**, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Ciencias da natureza.
- b) Ciencias sociais.
- c) Lingua castelá e literatura.
- d) Matemáticas.
- e) Primeira lingua estranxeira (inglés)

Do bloque de **disciplinas específicas**, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

- a) Educación física.
- b) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a tutoría legal.
- c) Educación artística.

No bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura,.

Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. No caso do noso centro en concreto dedicarase 1 sesión á semana á área de matemáticas.

## **5. CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:**

Esta programación está dirixida aos alumnos/as de 4º de primaria.

O curso de 4º A consta de 18 alumnos/as, 5 nenos e 11 nenas; tres dos cales promocionan con algunha materia suspensas: un con Ciencias Sociais, outro con Matemáticas e o terceiro con Ciencias Sociais, Lingua e literatura galega e Lingua estranxeira.

O curso de 4º B consta de 20 alumnos/as, 10 nenos e 10 nenas; un dos cales xa repetiu durante a primaria e promocionou a cuarto con catro áreas suspensas: matemáticas, lingua galega (alumna que se incorporou dende outro país), C. Naturais e C. Sociais.

## **6. METODOLOXÍA:**

Un dos grandes retos da programación deste curso 20/21 está relacionado coa metodoloxía a empregar para desenvolver os contidos. Será preciso ter en conta a situación sanitaria e as medidas de autoprotección do centro e alumnado que deberán estar recollidas no protocolo educativo de actuación polo COVID/19 respecto a agrupamentos, espazos e metodoloxías de aula que claramente condicionarán o noso que facer diario.

Tendo en conta estes condicionantes, debense priorizar as medidas de saúde no centro, establecendo novos momentos e espazos que faciliten o avance nos contidos do curso. Será preciso introducir ademáis do traballo presencial, estratexias de traballo e formación do alumnado/comunidade educativa daquelas ferramentas que faciliten o traballo online, como poden ser: aula virtual, comunicación web o vía apps, etc. Para que, no caso de non ser posible unicamente a asistencia ao centro, compensar a nosas necesidades optando por metodoloxías online ou que a lo menos permitan combinar a docencia presencial / online.

### **6.1. Principios metodolóxicos xerais.**

O proceso de ensinanza e aprendizaxe cumprirá os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas (avaliación inicial), para construír, a partir de aí, outras aprendizaxes que favorezan e melloren o devandito nivel de desenvolvemento.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva, dosificando e estruturando os novos contidos conceptuais a través de mapas, esquemas...
- Posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si solos.
- Fomentar a reflexión persoal sobre o realizado e a elaboración de conclusións con respecto ao que se aprendeu, de modo que o alumno/a poida analizar o seu progreso respecto dos seus coñecementos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos, co fin de que resulten motivadoras.
- En coherencia co exposto, aplicaremos unha metodoloxía activa e motivadora, a través:
  - o Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
  - o Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.
  - o Creando situacións que conecten cos seus intereses e expectativas, partindo das súas propias experiencias.
  - o Propiciando un clima de comunicación, cooperación e harmonía nas relacións.
  - o Espertando unha motivación intrínseca que potencie o gusto por aprender.

o Así mesmo, faremos fincapé na autonomía no proceso de aprendizaxe. Polo tanto, debemos facilitar e desenvolver nos nosos alumnos/as:

- a) A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos e das alumnas, atendendo ás súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ao afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
- b) A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
- c) Un clima afectivo rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, que procure a motivación necesaria para despertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e das alumnas.
- d) O progreso do xeral ao particular, de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno e da alumna, integrando as áreas coa formulación de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais comúns, tendo en conta a transversabilidade do currículo.
- e) A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo.
- f) O espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal na medida do posible debido a situación sanitaria que estamos a vivir, a interacción e a interrelación entre iguais e co docente.
- g) A organización de contidos, de xeito que exista harmonía entre as metas e os medios que se utilizan para acadalas.
- h) A actividade constante do alumno e da alumna, xa que se entende como ferramenta básica da aprendizaxe autorregulada.
- i) A flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, tanto na selección da metodoloxía máis aconsellable en cada caso como nos aspectos organizativos espazo- temporais.

- l) A aprendizaxe construtivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e do reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.
- m) O xogo como elemento motivador fundamental na construción da moralidade, xa que regula o paso da heteronomía á autonomía persoal e social.
- n) A creatividade de alumnos e de alumnas e de docentes, como forma diversificada e enriquecedora de comunicación.
- ñ) O tránsito desde a formación de conceptos e a aplicación de procedementos á construción de hábitos e á definición de actitudes, que culmine a consolidación de valores e o respecto polas normas.
- o) O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

### **6.2. Organización do espazo:**

A organización espacial das nosas experiencias levarémolas a cabo tanto dentro como fóra da aula, sempre que a situación actual de emerxencia sanitaria nolo permita.

Converteremos a nosa aula nun lugar cómodo e axeitado para o “faladoiro” e como lugar para expor os traballos realizados. Ademais, teremos en conta outros espazos do centro dos que poidamos dispoñer. Tamén faremos uso, sempre que as tarefas así o precisen dos espazos comúns, como a biblioteca ou a sala de informática.

### **6.3. Organización temporal:**

Existen unha serie de variables a ter en conta á hora da organización temporal, tales como:

**Variables xerais:** horario do centro, faltas de asistencia dos profesores e dos propios nenos/as, ou o número de sesións programadas.

**Variables persoais:** a motivación, posibles dificultades ou limitacións particulares na aprendizaxe, o índice de atención e fatigabilidade, ou o malestar físico dos nenos/as.

**Variables didácticas:** o desenvolvemento temporal axeitado de cada unidade didáctica ou contido específico a tratar, o número de sesións, o nivel comprensivo e de asimilación de obxectivos, criterios ou actividades de aprendizaxe.

**Variables sanitarias:** ensino presencial, semipresencial ou non presencial.

Por iso a duración e obxectivos de cada unidade vai estar supeditada en todo momento ao ritmo dos alumnos/as, cambiando, modificando, suprimindo ou ampliando os seus obxectivos, contidos ou metodoloxía, segundo as necesidades, ritmo, estilo de aprendizaxe e motivación de cada un deles.

#### **6.4. Organización do grupo aula:**

Para atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, e lograr que os obxectivos e competencias clave que nos propoñemos se leven a cabo, organizaremos diversas formas de agrupamento, contemplando as potencialidades e posibilidades de cada un. Non debemos esquecer as necesidades derivadas da situación sanitaria na que nos atopamos ao inicio deste curso escolar.

**Grupo completo:** Xa que a colaboración e o traballo cooperativo favorecen que as aprendizaxes sexan máis enriquecedoras, creando un clima onde exista a cooperación e a distribución de responsabilidades, entendendo distintos puntos de vista, sendo capaces de tomar decisións conxuntas e superando os conflitos. Realizando actividades que fomenten a interacción entre eles, a través de diversas lecturas, explicación de tarefas, xogos, presentación de modelos e tempos dedicados aos faladoiros para mellorar a expresión oral.

**Pequeno grupo:** para favorecer a interacción cooperativa, a través do xogo ou actividades con grupos máis pequenos, onde realizaremos tarefas máis concretas e estruturadas de tal xeito que poda prestar axudas adecuadas a cada grupo de nenos/as ou parellas, segundo o grao de realización da tarefa. A organización por parellas acostuma ser moi rendible polo grao de implicación que comporta, polo que a levaremos a cabo na titoría entre iguais, entre outras.

**Actividades individuais:** tratase dunha metodoloxía que nos vai permitir que os alumnos se responsabilicen das súas propias actividades, así como para lograr a interacción máis específica entre o neno/a e a miña labor educativa, ao tempo que tratarei de promover estratexias de planificación de acción, para desenvolver neles unha certa autonomía e autoxestión.



## 6.5. Materiais e recursos educativos:

- Libro do alumno.
- Cadernos, fichas, xogos educativos, medios informáticos, materiais de refugallo e todo o que, no seu momento, nos pareza axeitado.
- Recursos variados da rede.
- Dicionarios, atlas, mapas, enciclopedias temáticas.
- Murais.
- Biblioteca de aula e de centro.
- Equipamento informático persoal.
- Aula virtual, e aquelas plataformas que a consellería de educación habilite para o uso co noso alumnado.

Potenciaremos a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

## 7 . PROGRAMAS EDUCATIVOS:

Á hora de poñer en práctica a nosa programación teremos en conta a relación existente cos programas educativos que se levan a cabo no noso centro.

- **Proxecto lingüístico:** dende os distintos equipos constituídos no centro fomentárase o uso do galego como lingua vehicular. Entre as actividades que terán sempre o galego como lingua contaremos coa celebración do *Magosto, Samaín, Nadal, do Entroido...e, en xeral todas as desenvolvidas polo centro e que dadas as circunstancias de emerxencia sanitaria por mor do Covid-19, poidan levarse a cabo.*
- **Programa de plurilingüismo:** tal e como reza o nome oficial do centro, atopámonos nun colexio integrado na rede de centros plurilingües.
- **Proxecto Lector de Centro:** onde este ano xirará en torno “Á Navegación”.
- **Proxecto de educación dixital – Proxecto Abalar.**
- **Robosapiens – Robótica na aula.**

- **Plan de convivencia.**
- **Plan de acción tutorial.**
- **Plan COVID/19.**
- **Actividades complementarias e extraescolares:**

Tamén teremos en conta as seguintes celebracións e festividades ao longo do curso para plantexar diferentes actividades:

- SAMAÍN
- MAGOSTO
- NADAL levarase a cabo diferentes talleres e actividades a nivel de aula.
- DÍA DA PAZ
- ENTROIDO
- DÍA DA MULLER.
- DÍA DA POESÍA
- DÍA DO LIBRO.
- DÍA DAS LETRAS GALEGAS, ao longo do mes de maio realizaranse diferentes actividades acorde co escritor homenaxeado.

Ademais das celebracións anteriores, trataremos de levar a cabo, saídas pola contorna, así coma a realización de distintas excursións e asistencia a actos musicais e teatrais que se oferten ao longo do curso.

Todas estas actividades realizaranse sempre e cando a pandemia que estamos a vivir ca COVID 19 no lo permita e en colaboración co resto dos Equipos escolares e extraescolares.

## **8. INTERDISCIPLINARIEDADE:**

Para favorecer a aprendizaxe significativa buscaremos un enfoque globalizador, polo que a hora de elaborar as nosas actividades intentaremos vincular as aprendizaxes propias dunha área co resto de áreas, colaborando con todos os docentes para abordar contidos dunha forma global.

## **9. ELEMENTOS TRANSVERSAIS:**

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgúñas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaránse en todas as disciplinas.

Así mesmo, promoveremos o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoveremos a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

Evitaránse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Os currículos de educación primaria incorporan elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco derivadas da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación, así como a protección ante urxencias e catástrofes.

Os currículos de educación primaria tamén incorporan elementos curriculares orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor.

No ámbito da educación e da seguridade viaria incorpóranse elementos curriculares e promóvense accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón ou persoa viaxeira e persoa condutora de bicicletas, respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións axeitadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

## **10. AVALIACIÓN:**

Establecéronse os estándares de aprendizaxe avaliábeis que permitirán definir os resultados das aprendizaxes, e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer en cada unha das áreas traballadas. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da educación primaria e deberán estar todos acadados e consolidados ao finalizar a etapa.

A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Avaliaremos tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a nosa propia práctica docente, para o que estableceremos indicadores de logro ao longo das unidades didácticas da nosa programación.

Co fin de garantir o dereito dos alumnos e alumnas a que o seu rendemento sexa valorado conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicar ás familias os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe avaliábeis, as estratexias e instrumentos de avaliación, así como os criterios de promoción.

Lingua Galega	Lingua Castelá	Valores Sociais	Ed. Art.(plástica)
Expresión oral:20% Expresión escrita:20% Lectura: 20% Contidos: 20% Traballo e actitude: 20%	Expresión oral:20% Expresión escrita:20% Lectura: 20% Contidos: 20% Traballo e actitude: 20%	Expresión oral: 25% Expresión escrita:25% Contidos: 25% Traballo e actitude: 25%	Expr. oral: 25% Expr: 25% Contidos: 25% Actitude: 25%
Matemáticas	Ciencias Sociais	Ciencias Naturais	
Comprensión/ Expresión: 20% Resolución de problemas: 20% Operacións: 20% Contidos: 20% Traballo e actitude: 20%	Comprensión/ Expresión oral: 20% Comprensión/Expresión escrita: 20% Contidos 30% Traballo e actitude: 30%	Comprensión/ Expresión oral: 20% Comprensión/Expresión escrita: 20% Contidos 30% Traballo e actitude: 30%	

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final de todas as disciplinas, aparecen reflectidas ao longo das unidades didácticas levadas a cabo.

Durante o primeiro trimestre levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado para constatar o momento evolutivo e nivel de coñecementos adquiridos, coa finalidade de establecer as aprendizaxe imprescindibles adquiridas e as non adquiridas de cada alumno e deste xeito adaptar a nosa resposta como docentes, elaborando os Plans de reforzo e recuperación necesarios.

Estos criterios estarán vixentes sempre que o curso manteña o carácter presencial, podendo ser modificados nos supostos de semi-presencialidade ou educación online.

### **10.1. Técnicas e instrumentos de avaliación.**

A principal técnica de recollida de datos que empregaremos será a observación sistemática, tanto directa, a través de preguntas abertas, choiva de ideas ou tarefas escritas, para obter información para unha continua e rápida toma de decisións; como indirecta, a través da entrega periódica de tarefas e revisión de traballos, ou probas escritas e orais.

Para a recollida da información obtida coas diferentes técnicas, contaremos cos seguintes instrumentos de avaliación:

- **Fichas de seguimento**, adaptando un modelo de folla de seguimento que sexa útil para cada unidade didáctica pu proxecto realizado.
- Así mesmo, resulta recomendable por probas específicas, resolución de problemas, que tamén teremos en conta ao longo do curso

### **10.2. Avaliación da programación didáctica.**

Esta programación é un documento activo e será revisada e avaliada en varios momentos ao longo do curso, por si fose preciso facer algunha modificación significativa na mesma. Por esta razón, establécense o procedemento e os indicadores expresados no punto seguinte.

Establecemos como indicadores de avaliación:

- A) Análise e valoración das producións do grupo.  
Os materiais elaborados, correspóndense co esperado?  
O traballo supuxo algunha estratexia nova a aplicar na aula?
- B) Aplicación e repercusión desta programación na práctica educativa.  
Acadáronse os obxectivos propostos?  
É realmente aplicable na práctica educativa?  
O material traballado responde ás necesidades da aula tendo en conta os obxectivos da mesma?
- C) Metodoloxía empregada.  
Responde ás necesidades do alumnado?  
É axeitada a súa posta en práctica.
- D) Grao de satisfacción do grupo co traballo realizado.  
Responde a programación realizada as expectativas iniciais?
- E) Organización dos recursos humanos e materiais.  
Foi acertada a elección de materiais?  
A organización do grupo mellorou a produtividade?  
Dita estrutura de traballo facilitou as tarefas?
- F) Reflexións realizadas, logros e incidencia do proxecto no centro.  
Poderíase mellorar o traballo realizado?  
Que elementos deberíamos ter en conta para axilizar o traballo?
- G) Propostas de mellora e, no seu caso, de continuidade do traballo.  
Posibles vías de ampliación.  
Aspectos mellorables.

Non podemos esquecer que o proceso avaliador debe ser aberto, que permita a inclusión de novos aspectos e que, mediante unha constante revisión e reciclaxe, posibilite un enriquecemento cuantitativo e cualitativo do proceso. Neste punto terán gran valor as opinións e aportacións dos docentes que participan na aula e aquelas achegas que se consideren oportunas a mesma.

### **10.3. Criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe.**

Os criterios de avaliación estarán relacionados directamente cos obxectivos e contidos que queremos alcanzar, e serán referentes básicos para valorar o grao de adquisición dos obxectivos e das competencias clave que se pretenden levar a cabo.

Á hora de avaliar teremos en conta as diversas circunstancias e contextos socioculturais e persoais nos que se produce a evolución dos alumnos dentro do proceso de ensino aprendizaxe.

En cada unidade didáctica / proxecto reflectiranse os diferentes criterios e estándares de avaliación correspondentes a cada unha, e onde ademais dos aspectos específicos de cada unidade, valoraremos aspectos de actitude no alumno/a, como a convivencia, o coidado do material, o compañeirismo, a orde e atención prestada na clase, e aspectos relacionados coa educación en valores en xeral. Así como a nosa labor educativa en xeral.

Ao longo de cada unidade didáctica de cada área, establécense os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que nos permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer en todas as áreas de traballo.

## **11. DISCIPLINAS (ver anexos)**

### **\* Disciplinas troncais:**

- Ciencias da natureza.
- Ciencias sociais.
- Lingua castelá e literatura.
- Matemáticas.

### **\* Disciplinas de libre configuración autonómica:**

- Lingua galega e literatura.

#### **- 1 sesión dedicada a Matemáticas**

### **\* Disciplinas específicas:**

- Valores sociais e cívicos.
- Educación artística

# ANEXOS

## INDICE:

<b>1. Área de Ciencias da Natureza.....</b>	<b>25</b>
<b>2. Área de Ciencias Sociais.....</b>	<b>33</b>
<b>3. Área de Lengua y Literatura Castellana.....</b>	<b>43</b>
<b>4. Área de Matemáticas.....</b>	<b>103</b>
<b>5. Área de Lingua e Literatura Galega.....</b>	<b>146</b>
<b>6. Educación Artística (Plástica).....</b>	<b>227</b>
<b>7. Educacion en valores.....</b>	<b>234</b>
<b>8. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles pendentos 3º curso por áreas.....</b>	<b>243</b>
<b>9. Actuacións para o periodo de actividade lectiva non presencial....</b>	<b>248</b>
<b>10 . Addenda....</b>	<b>248</b>



## 1. Área de Ciencias Naturais:

Os coñecementos científicos intégranse no currículo da educación primaria para proporcionar ao alumnado as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. O coñecemento competencial integra un coñecemento de base conceptual (saber dicir), un coñecemento relativo ás destrezas (saber facer) e un coñecemento con grande influencia social e cultural e que implica un conxunto de valores e actitudes (saber ser). As competencias clave non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

O argumento sinalado, que fala dun proceso, deberá permitir a aproximación ao método científico e ao uso das tecnoloxías de maneira secuenciada. Ao ingresar en educación primaria, o período evolutivo fala dun pensamento intuitivo, global e concreto: o alumnado non está suxeito a unha previa análise ou dedución lóxica, senón que a súa expresividade nace da intuición ou da percepción sensorial; así inicia o ensino primario cun conxunto de ideas, representacións, coñecementos, habilidades, destrezas e disposicións emocionais e afectivas relacionadas co contorno, que estrutura en forma de esquemas xunto a teorías ou hipóteses que lle permiten dar resposta a todo o que sucede ao seu redor.

A interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade non son habilidades autónomas dunha determinada área. Precisan da confluencia de todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria na que cada equipo docente e cada mestra ou mestre deseñará, implementará e avaliará tarefas integradas contextualizadas nas que o alumnado se implique nun proceso que o leve acadar un produto que satisfaga as competencias que se sinalan, para cada particularidade.

O currículo da área está formulado partindo do desenvolvemento cognitivo e emocional no que se atopa o alumnado desta etapa, da concreción do seu pensamento, das súas posibilidades cognitivas, do seu interese por aprender e relacionarse cos seus iguais e co contorno e da súa andaina cara a un pensamento máis abstracto ao final da etapa.

Todos os aspectos da área de Ciencias da natureza son concibidos como ámbitos de aprendizaxe desde os cales se pode facer fincapé na comprensión da realidade e no desenvolvemento de actitudes críticas. Preténdese que os alumnos e as alumnas desenvolvan as súas habilidades cognitivas de observar, comparar, ordenar, clasificar, inferir, transferir, representar, avaliar...

A adquisición de conceptos científicos non debe ser o único propósito da área senón que tamén debe lograr introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de explicar fenómenos cotiáns proporcionándolles as ferramentas para explorar a realidade natural de forma obxectiva, rigorosa e comprobada. Debe fomentar a curiosidade sobre fenómenos novos ou problemas inesperados, a necesidade de respectar o medio ambiente, o espírito de iniciativa e tenacidade, a confianza en si mesmo/a, a necesidade de coidar do seu propio corpo, o pensamento crítico que non se contenta cunha actitude pasiva, a flexibilidade intelectual, o rigor metodolóxico e permitirilles pensar e desenvolver o seu pensamento de forma independente así como respectar a opinión dos e das demais e iniciarse na argumentación e no debate de ideas.

## **CONTIDOS**

Están organizados en 5 bloques que, dada a súa interrelación, non deben ser traballados de forma illada senón integrada. O tratamento dos seus conceptos debe permitir ao alumnado avanzar na adquisición de ideas do coñecemento científico e na súa estruturación e organización, de forma coherente e articulada. Por outra banda, os contidos procedementais, relacionados co “saber facer” teórico e práctico, han de permitir ao alumnado iniciarse en coñecer e empregar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tales como a observación, a identificación e análise de problemas, a recollida, a organización e o tratamento de datos, a emisión de hipóteses, o deseño e desenvolvemento da experimentación, a busca de solucións e o emprego de fontes de información, incluíndo as proporcionadas polos medios tecnolóxicos actuais e a comunicación dos resultados obtidos. Para o desenvolvemento de actitudes e valores, os contidos seleccionados han de promover a curiosidade, o interese, o respecto por si mesmo/a, polos demais, pola natureza e cara ao traballo propio das ciencias experimentais, así como unha actitude de colaboración no traballo en grupo.

O bloque 1: Iniciación á actividade científica, oriéntase basicamente aos coñecementos necesarios para a planificación, realización e posterior comunicación dos resultados de tarefas integradas, proxectos, experimentacións ou pequenas investigacións. Integra así coñecementos conceptuais, procedementais e actitudinais necesarios para o desenvolvemento dos catro bloques restantes tendo, polo tanto, carácter fundamental e transversal para o desenvolvemento da área.

O bloque 2: O ser humano e a saúde, integra coñecementos, habilidades e destrezas encamiñados ao coñecemento do propio corpo e das interaccións deste cos demais seres humanos e co medio, á prevención de condutas de risco e a desenvolver e fortalecer comportamentos responsables e estilos de vida saudables. Recolle tamén o coñecemento de si mesmo/a para valorarse como diferente, respectar a diversidade e para facilitar o equilibrio emocional.

O bloque 3: Os seres vivos, oriéntase fundamentalmente ao coñecemento, respecto e aprecio das plantas e dos animais, á iniciación aos outros reinos e ao interese por conservar a biodiversidade.

O bloque 4: Materia e enerxía, inclúe contidos relacionados coas propiedades dos materiais e as diferentes formas de enerxía, as consecuencias medioambientais do seu uso, así como a experimentación de fenómenos físicos e químicos sinxelos.

O bloque 5: A tecnoloxía, aparellos e máquinas, inclúe basicamente contidos relacionados coas máquinas e cos aparellos de uso cotián, a enerxía que empregan e os avances científicos e tecnolóxicos que inflúen nas condicións de vida actual.

## **METODLOXÍA:**

Os contidos da área de Ciencias da natureza están interrelacionados cos doutras áreas polo que se potenciará un enfoque globalizador e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Resulta imprescindible unha estreita colaboración entre os docentes no desenvolvemento curricular e na transmisión de información sobre a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, así como cambios nas prácticas de traballo e nos métodos de ensinanza.

Os contidos conceptuais, procedementais e actitudinais deben ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos,

pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade (medioambientais, de saúde, de consumo...), onde o alumnado avance no desempeño das competencias clave ao longo da etapa, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución conxunta de tarefas, proxectos e investigacións, fomentarán hábitos de traballo en equipo, a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado como, por exemplo, o portfolio, as rúbricas, os mapas mentais, diarios, debates, probas específicas, resolución de problemas...

Debe potenciarse a variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe.

No currículo establécense os estándares de aprendizaxe avaliáveis que permitirán definir os resultados das aprendizaxes e que concretan mediante accións o que o alumnado debe saber e saber facer na área de Ciencias da natureza. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo da etapa e, una vez finalizada esta, deberán estar acadados e consolidados.

Por esta razón plantexamos a necesidade de afrontar esta área plantexando a realización de tres grandes proxectos a desenvolver durante o curso:

- Os seres vivos: Animais e plantas.
- O corpo humano: órganos, sentidos e saúde.
- A materia a enerxía e o uso que fai o ser humano (máquinas)

Nos que se desenvolverán os distintos bloques de contido de xeito globalizado:

\*\*Asi mesmo, é preciso ter en conta aqueles contidos que quedaron pendentes pola emerxencia sanitaria declarada no curso 2019/2020, que aparecen recollidos no punto 8 deste anexo.

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	CUARTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C. clave
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realización de proxectos, pequenas investigacións e presentación de resultados.</li> <li>▪ B1.2. Interese por coidar a presentación dos traballos en soporte dixital ou papel.</li> <li>▪ B1.3. Uso das TIC de xeito cada vez máis autónomo para a busca de información e para a súa comunicación, empregando a nivel básico o tratamento de textos (titulación, formato, arquivo e recuperación dun texto, cambios, substitucións e impresión).</li> <li>▪ B1.4. Seguimento dunha secuencia dada para atopar unha información en internet e noutros soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.2. Presenta os traballos, en soporte dixital ou papel, de maneira ordenada, clara e limpa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.3. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.4. Consulta e utiliza documentos escritos, imaxes e gráficos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.5. Reflexiona sobre o traballo realizado, saca conclusións sobre como traballa e aprende e elabora estratexias para seguir aprendendo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Iniciación á actividade científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Establecer conxecturas de sucesos ou problemas que ocorren no seu contorno por medio da observación e obter unha información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.2.1. Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno, empregando medios propios da observación para obter unha información.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
